


ORZAMENTO CIDADÁN

Un instrumento de transparencia



ORZAMENTO CIDADÁN

Un instrumento de transparencia

PRÓLOGO

As contas, claras

As persoas que formamos o Goberno galego somos, por riba de todo, servidores públicos. Así, nun estado democrático, son os cidadáns os que teñen o poder de decidir quen son os seus representantes e cales son as políticas a seguir. Pero para poder exercer ese dereito con todas as garantías, os homes e mulleres que forman o pobo de Galicia precisan ter información veraz e transparente, porque só quen manexa as claves pode elixir en liberdade.

Ese é o principal motivo polo que as Administracións públicas están obrigadas a incluír prácticas de bo goberno e a poñer en marcha mecanismos de transparencia tanto na súa xestión como na información que ofrecen aos cidadáns. Unha linguaxe clara, próxima e directa é fundamental nesa relación entre a administración e o administrado, entre o goberno e a sociedade á que representa, entre o político e o cidadán ao que se debe.

Posiblemente un dos capítulos máis difíciles de explicar aos cidadáns dentro da acción dun goberno sexa o dos orzamentos, máis que nada pola súa natureza técnica e porque emprega conceptos e ferramentas que non están ao alcance da maioría da poboación nin forman parte do seu día a día, por moito que cadrar as contas da casa común sexa decotío o mesmo obxectivo que se propón cada unha das familias galegas nos seus fogares.

Coa intención de poñer a disposición de todos os galegos un manual sinxelo e claro sobre a razón de ser dos orzamentos que elabora a Xunta de Galicia e dos mecanismos que precisa para a súa confección sae á luz este documento que pretende ofrecer as claves que permitan aos cidadáns tomar as decisións que precisan como soberanos que son nun Estado de Dereito.

Porque ademais de ser un dos capítulos máis difíciles de explicar, o dos orzamentos é tamén un dos máis importantes, e non só porque nese documento se decidan as liñas mestras de gastos e investimentos ou se especifique como se van financiar estes, senón tamén porque é un mecanismo de control do poder executivo, que ten que axustar a súa acción de goberno ao comprometido no cómputo orzamentario.

Os cidadáns galegos teñen o dereito e o deber de fiscalizar o labor do Goberno autonómico, e a Xunta pon á súa disposición un manual que lles permitirá aclarar os termos, entender as claves e comprender os obxectivos cos que se elaboran os orzamentos. As contas, claras.



Alfonso Rueda Valenzuela

Presidente da Xunta de Galicia

Presentación do Conselleiro

O orzamento anual é o instrumento que concreta o plan de goberno da Xunta de Galicia para un exercicio, recolle os recursos cos que conta para a súa execución e os resultados e os obxectivos que espera alcanzar.

Porén, os Orzamentos da Comunidade Autónoma son longos e complexos e se presentan con múltiples documentos de apoio que detallan ou desenvolven algúns aspectos dos mesmos.

Entender o orzamento, aínda para os expertos, é unha tarefa difícil que consume moito tempo. Por tanto, se queremos mellorar a transparencia e fomentar a participación no proceso orzamentario, é preciso proporcionar axuda ao público xeral para entender os orzamentos. En efecto, téntase que os Orzamentos non só estean a dispor dos cidadáns, senón que sexan tamén comprensibles para eles.

Actualmente, perante unha complexidade crecente dos documentos orzamentarios e das regras fiscais, a maioría dos gobernos se quedan considerablemente cortos na tarefa de facer que os orzamentos sexan accesibles e comprensibles para o público. O Orzamento Cidadán quere contribuír a mellorar esta situación.

Un Orzamento Cidadán é unha presentación non técnica do orzamento que pode adoptar moitas formas; no en tanto, a súa característica distintiva é que está deseñado para alcanzar e ser entendido pola maior parte da poboación que sexa posible. En canto ao contido do noso orzamento cidadán, está elaborado tendo en conta as características sociais e económicas de Galicia, así como as competencias que a Comunidade Autónoma ten asumidas.

Presentamos, en fin, un documento que supón – no ámbito orzamentario– un importante avance en materia de transparencia.



Miguel Corgos López-Prado

Conselleiro de Facenda e Administración Pública

Táboa de contidos

01

Que é o orzamento?

02

Como se elabora
o orzamento?

03

O Orzamento de 2023

04

Os gastos

05

Os ingresos

06

Máis información



01

Que é o orzamento?

10

QUE É O ORZAMENTO?

Que é o orzamento?

O orzamento é o documento anual, aprobado polo Parlamento de Galicia en forma de lei, que detalla o límite de gasto e os ingresos estimados que se precisan para sustentar a actuación da administración autonómica.

Ademais, tamén supón un instrumento de control do Goberno, que non pode gastar máis do autorizado polo Parlamento nin destinalo a outras finalidades.

Para a elaboración do Orzamento é preciso realizar unha estimación das principais variables económicas, que permitirán prever os ingresos dispoñibles. Adicionalmente, os orzamentos deben recoller as prioridades de actuación do goberno en función da situación económica e social de cada momento. Estas análises explícanse no apartado "Contorna socioeconómica".

Para 2023, recolle
unha cifra de gasto
total de **12.620**
millóns de euros



QUE É O ORZAMENTO?

Conceptos para entender o orzamento

O orzamento consolidado

O orzamento da Comunidade Autónoma é un orzamento consolidado, no que se inclúen:

- **O orzamento da Presidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia**, no que á súa vez se inclúen os orzamentos dos órganos estatutarios e consultivos:

Parlamento, Valedor do Pobo, Consello de Contas, Consello Económico e Social, Consello da Cultura e Consello Consultivo

- Os orzamentos das entidades do sector público autonómico:

Organismos autónomos, como o SERGAS

Axencias públicas, como a Axencia de Turismo de Galicia

Entidades públicas empresariais, como Augas de Galicia

Consortios, como o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Sociedades mercantís públicas, como a Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA)

Fundacións do sector público, como a Fundación Deporte Galego

O equilibrio orzamentario

No momento de elaborar os orzamentos, o total dos gastos ha de ser igual ao total dos ingresos. Cando a previsión dos ingresos non é suficiente, existe déficit e debe recorrerse á débeda.



A débeda pública

Son os cartos que a Comunidade Autónoma pide prestados nos mercados financeiros para financiar o déficit.



Gastos non financeiros

En xeral, neste orzamento cidadán, cando falamos dos gastos, referímonos aos gastos non financeiros, que son todas aquelas partidas destinadas a actuacións de gasto (gastos de persoal, gastos de funcionamento, investimentos e axudas).



Non se inclúen neste concepto os importes dedicados a amortizar cada ano a débeda pública que vence ou a financiar os préstamos que concede a Xunta.

Teito de gasto

Para disciplinar o proceso de orzamentación apróbase en primeira instancia (xullo-agosto) o teito de gasto, que é a cifra máxima que poden alcanzar os gastos non financeiros nos orzamentos, e que se calcula a partir dos ingresos que se prevé recadar cada ano.



Investimentos

Recollen as partidas destinadas á construción de infraestruturas (como edificios ou estradas) e á adquisición de bens inventariables (como maquinaria, vehículos ou equipos informáticos), ou para a adquisición de activos intanxibles como os programas informáticos ou I+D+i.



Subvencións

Recollen as partidas destinadas a promover ou financiar actuacións ou investimentos doutras entidades ou persoas. Poden ser correntes (cando se conceden para o fomento dunha actividade ou para cubrir determinados gastos) ou de capital (cando se conceden para realizar investimentos).



QUE É O ORZAMENTO?

O ciclo financeiro

Unha xestión orientada a resultados implica que o orzamento anual estea aliñado coa planificación estratéxica, entendida como o proceso polo que se establecen as metas que se pretenden acadar a medio prazo e se define o camiño para acadalas.

Vinculación entre a estratexia e o orzamento

1. Planificación estratéxica

- Elaboración dun [Plan Estratéxico](#) a medio e longo prazo no que se fixan os retos (A Galicia que queremos para o futuro), os obxectivos estratéxicos e as principais liñas de actuación para acadalos
- Elaboración de **Plans Sectoriais** que presentan de forma integrada os obxectivos perseguidos nos ámbitos concretos nos que se desenvolve a acción de cada departamento (Sanidade, Educación, Turismo, etc)

2. Marco financeiro plurianual

- **Marco financeiro plurianual:** o orzamento anual elabórase no marco dunha estimación financeira a varios anos calculada valorando as actuacións que se repiten e os investimentos que duran varios anos

3. O orzamento anual

- **O orzamento anual** provee os recursos financeiros para desenvolver as actuacións conducentes a acadar os obxectivos establecidos cada ano



En resumo, o plan estratéxico recolle as liñas de actuación para acadar as metas de futuro; mentres que nos Orzamentos anuais se recollen os proxectos concretos dentro desas liñas de actuación adaptados ás necesidades e recursos de cada ano.




QUE É O ORZAMENTO?

Plan Estratégico de Galicia - PEG 2030

O Plan Estratégico de Galicia 2022-2030 (PEG2030) é o terceiro plan estratégico de Galicia e continúa a senda da xestión pública encamiñada a resultados.

O PEG2030 é un documento elaborado pola Xunta coas achegas da sociedade civil (expertos universitarios, outras administracións públicas, sindicatos, asociacións de empresarios, organizacións non gobernamentais...) e aprobado polo Parlamento de Galicia, no que se fai unha diagnose da situación socioeconómica de Galicia, se analizan os seus principais retos de futuro, se establecen as prioridades e obxectivos para 2030 e se deseñan as liñas estratégicas coas que se pretende alcanzar eses obxectivos. Ademais, serve para vertebrar a planificación sectorial.

Finalmente, prevé a elaboración de informes anuais de valoración do grao de avance acadado nos obxectivos fixados.



[Accede ao PEG 2030](#)

Fases de elaboración do PEG2030



A execución das actuacións previstas nos orzamentos anuais conducirá a alcanzar os obxectivos estratégicos e a cumprir os nosos retos de futuro.

Finalmente, o PEG2030 recolle unha serie de indicadores que permiten facer un seguimento anual do grao de cumprimento dos obxectivos estratégicos.

QUE É O ORZAMENTO?

Metas do PEG 2030

01 Acadar a converxencia con España en termos de renda bruta dispoñible e **superar o 90% do PIB per cápita da Unión Europea**

02 En emprego, aumentar un 10% a taxa de ocupación;**rebaixar a taxa de paro ata o 8%**; reducir á metade o desemprego xuvenil e diminuír 6 puntos a temporalidade

03 En saúde e a calidade de vida, **aumentar de 18 a 23 os anos de vida saudable ao chegar aos 65 anos**

04 No eido educativo, consolidar o sistema galego entre os mellores de España, **reducindo noutros 5 puntos, ata o 6,5%, a taxa de abandono escolar temperá**; e mellorar o rendemento do alumnado medido por PISA

05 Reducir as emisións de efecto invernadoiro ata o 55% respecto a 1990

06 **Aumentar o peso das enerxías renovables** ata acadar o 58% no consumo total e que en 2030 o 85% da enerxía eléctrica proceda de fontes renovables

07 **Incrementar as exportacións**, aumentando a base de empresas exportadoras, ata o 45% do PIB, 10 puntos máis que na actualidade; e **ampliar o tamaño medio das PEMES** nun 15%

08 Duplicar o gasto en I+D ata aproximalo ao 2% do PIB

09 Diminuír noutras 150.000 as persoas en risco de pobreza e exclusión social

10 **Eliminación das fendas de xénero**, cunha equiparación das taxas de ocupación feminina e masculina

QUE É O ORZAMENTO?

Estrutura do PEG 2030

O PEG2030 consta de cinco eixes, que se concretan en 21 prioridades de actuación, que á súa vez se desenvolven en 70 obxectivos estratéxicos. A continuación recóllese como se distribúe o orzamento de 2023 nestas 21 prioridades de actuación.

Eixe	Prioridades de actuación e dotación no Orzamento 2023			
1. O reto demográfico (5.857)	Emprego	Turismo	Vivenda	Sanidade
	458	254	130	5.015
2. Galicia verde e sostible (527)	Economía baixa en carbono	Mobilidade sustentable	Emerxencias e cambio climático	Crecemento sostible
	87	57	221	162
3. Competitividade e crecemento (1.761)	Investigación e innovación	Transformación dixital	Competitividade das PEMES	Infraestruturas
	276	218	196	294
4. Cohesión social e territorial (3.795)	Sector primario	Turismo	Educación	Integración social
	642	135	2.722	883
5. Gobernanza (680)	Cultura e a lingua galega	Cohesión territorial		
	118	72		
5. Gobernanza (680)	Boa administración	Finanzas sustentables	Autogoberno	
	288	201	191	

• Datos en millóns de euros

02

Como se elabora o orzamento?

COMO SE ELABORA O ORZAMENTO?

Contorna socioeconómica

A conxuntura económica e as características xeográficas e sociais de Galicia inciden directamente nas necesidades que se priorizan nos orzamentos:


- Unha poboación máis envellecida precisa uns servizos públicos socio-sanitarios con maiores requirimentos
- Un territorio coa pobación máis diseminada provoca máis custos de infraestrutura e loxística para a prestación de servizos



PIB (2021)
63.119 millóns €



Poboación ocupada
(EPA setembro 2022)
1.113.800



Taxa de paro
(EPA setembro 2022)
10,8%



Poboación >64 (2021)
694.140 habitantes



Extensión
29.576,7 km²



Poboación (2021)
2.695.645 habitantes

Poboación e territorio

- Os datos do INE a 1 de xaneiro de 2021 indican que Galicia contaba con 2.695.645 habitantes, o 77% deles residentes nas provincias de A Coruña e Pontevedra
- Na mesma data en Galicia, o 26% da poboación era maior de 64 anos, mentres que no resto do territorio nacional a porcentaxe é inferior ó 20%
- Galicia conta tamén coa maior dispersión poboacional de España: Galicia conta tamén coa maior dispersión poboacional de España. Galicia conta con 30.377 entidades singulares de poboación, o 49% do total de España



Provincia	Habitantes
A Coruña	1.120.134
Lugo	326.013
Ourense	305.223
Pontevedra	944.275
Total	2.695.645


Ocupación e paro

A **poboación activa** é a poboación de 16 ou máis anos que traballa (**poboación ocupada**) ou que está buscando activamente un traballo (**poboación parada**).

- En Galicia a poboación activa é de 1.248.600 persoas (EPA setembro 2022) e representa un 45% da poboación total, mentres en España é dun 49%
- En Galicia a poboación ocupada ascende a 1.113.800 persoas (EPA setembro 2022) e a súa evolución a partir do ano 2014 é a seguinte:


COMO SE ELABORA O ORZAMENTO?

Poboación ocupada 2014-2022



- En Galicia a poboación parada ascende a 139.800 parados (EPA setembro de 2022), o que representa un 10,8% da poboación activa, mentres que a taxa nacional de paro é do 12,7%.

Taxa de paro




Para o ano 2023 a previsión para Galicia é baixar ata o 10% de taxa de paro.

O Produto Interior Bruto (PIB)

- O Produto interior bruto (PIB) é unha cifra que cuantifica a riqueza da Comunidade Autónoma, medida como o valor de todos os bens e servizos finais producidos en Galicia nun ano
- O PIB nominal mide esa riqueza en euros correntes. Para o ano 2021 o PIB nominal de Galicia foi de 63.119 M€
- O PIB real mide esa mesma riqueza pero sen ter en conta o efecto da variación dos prezos
- Neste gráfico pode observarse a evolución do PIB nominal de Galicia e os efectos das crises do 2008 (crise financeira) e do 2020 (pandemia)

Evolución do PIB nominal de Galicia 2000-2021




COMO SE ELABORA O ORZAMENTO

PIB per cápita

- É o resultado de dividir o PIB entre o número de habitantes. Con esta cifra mídese a riqueza xerada por cada galego. Cos últimos datos definitivos publicados (correspondentes a 2020), o PIB per cápita de Galicia é de 23.415 euros e representa o 92,4% da media de España
- O PIB per cápita de Galicia vense aproximando ao de España, recortando a distancia dun 22,4% a un 7,6% nos últimos 20 anos



Converxencia PIB per cápita Galicia vs España




Déficit orzamentario e débeda pública

- Existe déficit cando os gastos son maiores que os ingresos
- A débeda pública son os cartos que a Comunidade Autónoma pide prestados nos mercados financeiros para financiar o déficit
- As administracións públicas só poden endebedarse para realizar investimentos como escolas, hospitais, residencias de maiores..., que xeran retornos a longo prazo


- Que un territorio estea endebedado en exceso non depende da contía absoluta da débeda, senón da súa capacidade para devolvela. Por iso medimos a débeda en relación co PIB, ou outra variable indicativa da capacidade de devolvela

- En Galicia a débeda representa o 18,4% do PIB, mentres que a media do resto das comunidades autónomas representa o 25,9% do seu PIB
- Galicia é a comunidade autónoma que menos se ten endebedado nos últimos anos, tendo a día de hoxe unha débeda per cápita de 4.354 euros, fronte ó resto de comunidades autónomas nas que a media de débeda per cápita é de 6.627 euros (un 52% máis)

Débeda per cápita 2021



Débeda por Habitante



COMO SE ELABORA O ORZAMENTO?

Proceso de elaboración e aprobación

ENTENDENDO O ORZAMENTO

O orzamento da Comunidade Autónoma para 2023 debe ser aprobado antes do 1 de xaneiro do 2023.

Para acadar este obxectivo, a Consellería de Facenda e Administración Pública e as distintas unidades da Xunta de Galicia comezan a traballar na súa elaboración no mes de abril de 2022.

O Consello da Xunta debe enviar ao Parlamento o texto do seu proxecto de Lei de Orzamentos antes do día 20 de outubro de 2022.

Despois da súa discusión e aprobación



Abril-xuño

- Elabóranse as previsións económicas para o vindeiro exercicio
- Orde de elaboración do orzamento coas prioridades e as clasificacións orzamentarias

Xullo

- Peche das cifras de ingresos do sistema de financiamento autonómico e do límite de débeda
- Aprobación do teito de gasto no Parlamento

Setembro

- Asignación de recursos aos proxectos de gasto
- Elaboración das contas de cada consellería

Outubro

- Peche das cifras de gasto e obxectivos
- Aprobación no Consello da Xunta do proxecto de lei


Outubro-décembro

- Remisión ao Parlamento de Galicia (20 de outubro)
- Discusión e aprobación no Parlamento
- Publicación no Diario Oficial de Galicia

O ciclo orzamentario

De acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia, corresponde á Xunta de Galicia a elaboración e aplicación do orzamento, e corresponde ao Parlamento o seu exame, emenda, aprobación e control. Ademais, o orzamento queda sometido ao control do Consello de Contas de Galicia.

Así, o ciclo orzamentario comprende unha serie de fases diferenciadas nas que interveñen distintos órganos: a Xunta de Galicia, o Parlamento, as unidades administrativas que executan o orzamento, a Intervención Xeral, o Consello de Contas...



03

Como se elabora o
orzamento?

O Orzamento nunha ollada

O Orzamento da Xunta de Galicia recolle os ingresos que se prevé recadar e os gastos aos que a Xunta queda autorizada para realizar no ano 2023.

Nos seguintes gráficos resúmense os estados de ingresos e gastos.

Ingresos (12.620 M€)

- O financiamento do SFA increméntase nun 17,6% pola previsión de aumento da recadación do IRPF e do IVE
- Recadación en Galicia de:
 - 50% IRPF
 - 50% IVE
 - 58% impostos especiais
 - 100% imposto sobre electricidade (suprimido temporalmente)
- Fondo de Garantía de Servizos Públicos Esenciais
- Fondo de Suficiencia
- Fondos de converxencia


FEDER, Fondo Social Europeo, Fondo de Transición Xusta, FEADER, etc

Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados
376 M€



Sucesións e doazóns
157 M€

Patrimonio
55 M€



460
centros de saúde

14
hospitais

+30.000
profesionais

Reforzo
Atención Primaria


+30.000
docentes

1075
centros públicos

+62.000
alumnos sistema universitario

+310.000
alumnos non universitarios

Gastos (12.620 M€)



Sectores produtivos
Medio rural, pesca, industria, enerxía, minas, empresa, comercio, turismo...

Outras partidas
Órganos estatutarios, protección civil, ordenación do territorio, normalización lingüística...

13.000
prazas en residencias de maiores sostidas con fondos públicos

5.500
prazas en centros para persoas con discapacidade

25.000
beneficiarios servizo axuda no fogar

31.000
plazas en escolas infantís

66.000
maiores dependentes atendidos

Prioridades de gasto para 2023

A elaboración dos orzamentos para o ano 2023 realízase nun escenario de alta inflación, especialmente polos crecentes custos da enerxía, o que está afectando en maior medida ás familias, aos autónomos e as pequenas e medianas empresas.

Por este motivo, as prioridades de gasto para o ano 2023 céntranse no apoio e protección ás familias e persoas vulnerables, en medidas de aforro e eficiencia enerxética, na dinamización económica, na protección medioambiental e no reforzo dos servizos públicos.

01. Apoio e protección das familias e das persoas

- **Incremento das prestacións** da RISGA, das axudas de Inclusión Social e das Pensións non Contributivas
- Máis de 66.000 familias beneficiarias do Bono Social Térmico
- Preto de 6.000 familias vulnerables beneficiarias do Bono Social Eléctrico para o pago da factura da luz
- **Gratuidade das escolas infantís de 0 a 3 anos**, o que beneficia a 31.000 familias
- **Conxelación do prezo dos comedores escolares**, o que beneficia a 62.000 nenos e nenas
- **Duplicase o Bono Familia Escola:** para axudar a 140.000 familias para a adquisición de material escolar
- **Conxelación das taxas universitarias**, o que beneficia aos 62.076 estudantes universitarios
- **Apoio para as familias acolledoras**, que acollen a 1.200 menores
- **Ampliación do Bono Alugueiro Social**, asumindo o 100% da renda que abonan as persoas especialmente vulnerables
- Incremento dun 40% das achegas ás entidades de inclusión social



02. Aforro e eficiencia enerxética

- Duplicase o apoio para **rehabilitación de vivendas que mellore a eficiencia enerxética**
- **Bono Enerxía Peme:** incremento desta liña nun 50% para mellorar as instalacións enerxéticas e aforrar enerxía, ata os 4,2 M€:
- **Máis de 47 M€ para axudar ás pemes a aforrar enerxía:** axudas para a xeración eléctrica, para o autoconsumo, para sistemas de almacenamento e de biomasa
- **16,5 M€ para axudar ás familias a aforrar enerxía:** axudas para sistema de biomasa, xeotermia, aerotermia e enerxía solar
- **Axudas a concellos** de menos de 15.000 habitantes para mellorar a eficiencia enerxética nas instalacións municipais




03. Dinamización económica

- Reforzar a competitividade nas **zonas afectadas polo peche das centrais térmicas de Meirama e As Pontes**, con axudas para eficiencia enerxética, enerxías renovables, diversificación económica, transformación dixital e formación e cualificación das persoas afectadas polos peches
- **Apoio ao emprendemento** a través da Rede de 12 Polos de Emprendemento da Xunta de Galicia:
 - Axudas entre 40.000 e 150.000 euros para sectores de actividade económica non cubertos en Galicia
- **Plan Retorna Emprego**, apoiando as accións formativas, a contratación e a creación de empresas polos galegos que queiran vir instalarse en Galicia
 - Máis de 400 beneficiarios
- **4,8 M€ para conxelar as peaxes das autoestradas autonómicas** e neutralizar o efecto do incremento do IPC
- **15 M€ en axudas extraordinarias para o sector pesqueiro** para compensar as consecuencias económicas da guerra de Ucraia
- **30 M€ no Plan Impacto Autónomo, para apoiar a 25.000 autónomos/as con rendas medias e baixas** para o mantemento da súa actividade e do emprego
- **Posta en marcha do Programa Completa e Transfire** para a transferencia de coñecementos en I+D+i
- Axudas de apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, de creación de empresas para os agricultores mozos e para o desenvolvemento de pequenas explotacións
 - Máis de 1.200 beneficiarios
- Axudas destinadas a incentivar os investimentos en activos fixos materiais para a creación, ampliación e modernización das instalacións de transformación e comercialización de produtos agrarios situadas en Galicia
 - Máis de 80 empresas beneficiarias



04. Protección do medio ambiente e Loita contra a Seca

- **Apoio á implantación da normativa de residuos** e para fomentar a recollida separada e a compostaxe
- **Plan de Loita contra a Seca** para asegurar o abastecemento de auga e aumentar a resiliencia fronte a seca
- **Plan para a recuperación integral do territorio afectado polos grandes incendios forestais de 2022**
- **29,7 M€ dirixidos integramente ao eido da prevención dos lumes:** dotación de máis material para o servizo e construción e/ou mellora das infraestruturas preventivas
- **Incremento dos fondos para compensar os danos causados pola fauna silvestre**
- **Convenio de protección das aldeas** para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas franxas secundarias: importe superior a 7,7 M€
- **20,4 M€ destinamos á silvicultura preventiva** e a outros traballos silvícolas no marco da xestión activa dos montes galegos





05. Fortalecimiento dos servizos públicos

Sanidade

- **163,5 M€ no Plan de Investimentos Sanitarios** para a construción e ampliación dos grandes hospitais galegos
 - Destaca a ampliación do hospital de Montecelo, con 64 M€
- **56,6 M€ para investimentos en Atención Primaria:** 6 novos centros de saúde, equipamento e melloras de centros xa existentes e plan de dixitalización
- **9,8 M€ para melloras retributivas e dotación de 134 novas prazas en Atención Primaria**
 - Programa extraordinario para facer revisións a máis de 75.000 pacientes crónicos
- **Inicio da construción dun centro de Protónterapia**
- **Incremento dos fondos dos programas de vacinación un 50%**
- **Incremento dun 70% dos fondos para estender a toda Galicia o cribado de cancro de cérvix e mellorar o neonatal**
- **Plan de dotación de equipamentos innovadores nos 230 centros públicos de Formación Profesional**

Política social

- **Reforzo do Sistema de Axuda no Fogar (SAF)** que beneficia a 25.000 usuarios
- **Duplícanse os fondos para os servizos de Tele-asistencia** que benefician a 10.000 usuarios
- **18,5 M€ nun Plan de Investimentos nos Concellos** para construír, reformar ou ampliar centros de maiores municipais
- **Construción de dous Centros de Coidados Intermedios:** para a estancia entre o hospital e a volta a casa
- **Posta en marcha de novas casas niño:** que se suman ás 95 existentes
- **Posta en marcha de novas casas do maior: que se suman ás máis de 100 existentes**

Educación


- **10 M€ no Plan de Investimentos Universitarios:** para melloras e renovación de infraestruturas de docencia e investigación



OS GASTOS


Quen gasta?

A clasificación orgánica ten en conta cal é a Consellería que realiza os gastos. A distribución no orzamento consolidado no 2023 é a seguinte:



En que se gasta?

A clasificación económica realízase tendo en conta a natureza do gasto: gastos de persoal, servizos exteriores, xuros, subvencións ou investimentos. A distribución no orzamento consolidado no 2023 é a seguinte:



04

40

Os gastos

OS GASTOS

Para que é o gasto en...

Sanidade (4.967 M€)

O gasto sanitario ten como finalidade prestar uns servizos sanitarios de calidade, especialmente mediante:



- A atención hospitalaria, a través de **14 complexos hospitalarios**
- A atención primaria, a través de **460 centros de saúde**
- **As receitas e a farmacia hospitalaria**

Os empregados públicos dedicados á Sanidade inclúen:

- Máis de 2.500 facultativos de medicina de familia nos centros de atención primaria
- Máis de 4.700 facultativos de diversas especialidades nos complexos hospitalarios
- Máis de 2.800 efectivos de enfermería na atención primaria
- Máis de 8.800 efectivos de enfermería na atención hospitalaria
- Máis de 7.000 auxiliares de enfermería na atención hospitalaria
- Máis de 6.800 celadores, persoal de servizos e persoal administrativo

O gasto anual da Xunta en receitas é superior a **750 M€**

Media de recetas anuais por idade



1.975,28€

ciruxía de cataratas (máis de 16.000 intervencións ao ano)




1.142,47€

un día de estancia nunha cama de coidados críticos



528,95€

un día de estancia nunha cama de planta hospitalaria



956,91€

mobilizacións dunha ambulancia de soporte vital avanzado (número de mobilizacións en 2021: 27.351)



4.268,09€


reparación dunha hernia discal (máis de 2.400 intervencións ao ano)



8.049,35

mobilización dun helicóptero sanitario (número de vóos en 2021: 964)

Evolución do gasto sanitario



OS GASTOS


Todos os datos de persoal sanitario de Galicia **están en máximos históricos** e son mellores que a media de España.

- O número de quirófanos en Galicia está en máximos históricos, con 10,67 quirófanos por cada 100.000 habitantes. Un 12% superior á media española
- O número de equipos de hemodiálise en Galicia está en máximos históricos, con 16,56 equipos por cada 100.000 habitantes. Un 51% superior á media española

	Número por cada 1.000 habitantes en 2020	
	Galicia	Media
Médicos en atención especializada	2,10	2,02
Persoal de enfermería en atención especializada	3,83	3,74
Médicos en atención Primaria	0,83	0,78
Persoal de enfermería en Atención Primaria	0,70	0,66


Fonte: Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social

Gasto en receitas por habitante




O gasto en **limpeza dos hospitais públicos** supera os **66 M€**

Gasto en Atención Primaria (M€)



Previsión gasto per cápita en receitas para 2023



OS GASTOS

Educación (2.795 M€)

A Xunta de Galicia financia o funcionamento de toda a formación pública obrigatoria (Educación Infantil de 3 a 5 anos, Primaria, Secundaria, Formación Profesional Básica) e non obrigatoria (Bacharelato, Formación Profesional Media e Superior, etc), achega a maior parte do financiamento das tres universidades públicas do Sistema Universitario Galego e financia a educación concertada, especialmente en Educación Infantil, Primaria e Secundaria.


Atende a máis de 312.000 alumnos en:

- **1.075 centros públicos** nos que se imparte Educación Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato, Formación Profesional, Educación de Adultos e Educación Especial
- **131 escolas oficiais** de idiomas ou de arte e deseño, conservatorios de música e danza, así como outras escolas de música e danza

A Xunta financia un sistema universitario con tres universidades nas que estudan máis de **62.076 alumnos** (curso 2021/2022).

- As **taxas universitarias** seguen conxeladas desde **2010**
- O prezo medio dun **crédito en Galicia é de 11,89€**, tanto en grao como en máster
 - Media de España: 16,23€ en grao (un 36.5% superior)
 - Media de España: 28,48€ en máster (un 140% superior)

O custo dunha praza
de educación pública
non universitaria é
7.408€/ano



483 M€ para
financiar o sistema
universitario galego

Axudas para libros de texto e material escolar

- Axudas para material escolar: 10,5 M€
 - 140.000 beneficiarios a razón de 75€
- Axudas para libros de texto: 23 M€

Máis de 62.000 nenos comen nos comedores escolares dos centros públicos

- Os prezos do **comedor escolar** conxélanse en 2023
- Oito de cada dez usuarios non pagan nada ou pagan un euro por cada comida
- En 2023 dedicaranse 51,2 M€ para os comedores escolares

Máis de 80.000 nenos empregan o transporte escolar gratuíto

- O custo do transporte escolar en 2023 ascenderá a **120 M€**

Galicia ten unha das mellores ratio alumno/profesor de España: 10,2 alumno/profesor (fronte a un ratio de 12 na media de España)

- O 70% das aulas en Galicia teñen 20 ou menos alumnos

Gasto en cada alumno
universitario: **9.769€**,
un 21,4% superior á
media de España



OS GASTOS

Cultura


A Xunta de Galicia dedica un importe de 105 M€ para o fomento da cultura e para a protección do patrimonio cultural.

Apoio ao sector cultural

A Xunta de Galicia apoia ao sector cultural galego a través do programa anual de subvencións da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), co fin de potenciar a creación, produción e distribución dos produtos culturais galegos e favorecer o desenvolvemento e consolidación dun tecido empresarial sólido.

- Desde o ano 2021 está en execución o **Hub Audiovisual da Industria Cultural de Galicia**, entre as cuxas liñas destacan as axudas para:

- Atracción de rodaxes
- Desenvolvemento de grupos de proxectos
- Talento musical galego
- Posta en marcha da Galicia Film Commission



Máis de 250.000

visitas en 2022 aos

Museos xestionados

pola Xunta

Nos últimos cinco anos investimos 50M€ para salvagardar os nosos bens culturais, destacando:

- **Plan ‘Catedrais 2021-2027’**, co fin de ordenar as intervencións e investimentos nas cinco catedrais, así como nas concatedrais de San Xiao de Ferrol e de Santa María de Vigo e a antiga catedral de San Mariño de Mondoñedo de Foz
- **Plan de Bics (bens de interese cultural) do Camiño** que recolle actuacións nestes bens nas distintas rutas do Camiño de Santiago

Política lingüística

A Xunta de Galicia realiza unha labor de promoción do uso do galego en todo o territorio mediante a **Rede de Dinamización Lingüística** que está formada por **243 membros**, con 339 actividades en 2022. Outros programas: **TeCe Redes** en galego, **Fala Redes**, **Nadal en Rede** ou o **Proxecto Nós** para situar o galego ao mesmo nivel que as grandes linguas do mundo no ámbito tecnolóxico.

1.101 certificados

CELGA en 2021

14 M€ para

o Proxecto Nós



OS GASTOS

Promoción do emprego e igualdade

A Xunta de Galicia traballa para mellorar a cualificación profesional das persoas traballadoras, mellorar a competitividade das pemes, facilitar aos colectivos con máis dificultades o acceso a un posto de traballo, potenciar o emprendemento, promover a prevención de riscos laborais e traballar pola igualdade entre mulleres e homes, participando na loita contra a violencia de xénero.



Promoción do emprego

A Xunta de Galicia realiza máis de 4.000 accións formativas cada ano para traballadores ocupados e para persoas desempregadas.

- Case 57.000 alumnos participantes nas accións formativas para o emprego cada ano
 - Un programa integrado de 12 meses costa 2.500€ por persoa (o grado de inserción laboral acada o 40%)
 - Un obradoiro dual de emprego de 12 meses costa 25.200€ por persoa (contrato laboral de formación e aprendizaxe cobrando o salario mínimo interprofesional)

A Xunta de Galicia
conta con **54 Oficinas
de Emprego**, nas
que asesoran **398
orientadores laborais**

- Unha acción formativa conducente a un certificado de profesionalidade costa 3.798,24€ por persoa. Os certificados de profesionalidade acreditan oficialmente as competencias profesionais para unha actividade laboral. Divídense en tres niveis (1, 2 e 3), segundo os estudos precisos para acceder a cada un deles
- Unha acción formativa de competencias clave costa 1.160,67€ por persoa. Son cursos que permiten acceder á formación para obter certificados de profesionalidade de niveis 2 e 3

O gasto da Xunta para o fomento do emprego en 2023 ascende a **443 M€**



OS GASTOS

Igualdade (47,5 M€)

A Xunta de Galicia dispón dun Campus virtual que forma anualmente a 3.000 persoas en igualdade laboral

- Cursos online teórico-prácticos sobre acoso sexual ou por razón de sexo no traballo (de 20 horas de duración, para 50 participantes) ten un custo de 3.300 euros

En Galicia existen 84 **Centros de Información á Muller (CIM's)**

- 191 concellos atendidos polos CIM's
- 219 profesionais traballan nos CIM's
- 9.500 mulleres en situación de vulnerabilidade atendidas cada ano polos CIM's

A Xunta de Galicia dispón tamén de **programas de atención psicolóxica, nos que se atenden cada ano a unha media de 1.360 persoas:**

- Para mulleres e menores que sofren violencia de xénero
- Para persoas dun entorno familiar no que se padezan situacións de violencia de xénero
- Para homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar

**Políticas sociais (1.164 M€)**

A Xunta de Galicia financia as políticas de axuda ás persoas maiores, á familia e infancia, ás persoas con discapacidade, ás persoas en risco de exclusión social, así como as políticas de xuventude e voluntariado.

Múltiples colectivos son atendidos polas políticas sociais:

Maiores (438 M€)

- Máis de 67.000 persoas con dependencia atendidos, coa previsión de chegar a 70.000
 - Máis de 67.000 persoas con algún grao de dependencia reciben prestacións económicas ou servizos, como prazas públicas de atención diúrna ou residencial, bonos para financiar unha praza nun centro privado da súa elección ou coidados no fogar, servizo de axuda no fogar, teleasistencia...
- Máis de 14.000 prazas con fondos públicos en residencias de maiores
- 26.000 beneficiarios do Servizo de Axuda no Fogar
 - Para o ano 2023 o orzamento ascende a 112 M€
- 10.000 beneficiarios de teleasistencia
- Máis de 26.000 beneficiarios do Programa Coidados Porta a Porta
 - Audioloxía, podoloxía e estimulación da memoria
- 5.900 prazas con fondos públicos en centros de día e casas do maior



Cal é o custo dunha praza nunha residencia pública de maiores?

1800-2800€/mes

OS GASTOS

Familias e infancia (229 M€)

- 31.000 prazas gratuítas en escolas infantís e 475 prazas e Casas niño
 - Máis de 550 escolas infantís e 95 casas niño
 - Coa gratuidade, as familias aforran entre 1.500€ e 2.000€
 - A gratuidade cobre ata 8 horas de atención ao día
- Máis de 15.000 beneficiarios da **Cesta Benvida**
- Máis de 12.000 beneficiarios da **Tarxeta Benvida** cada ano: entre 1.200€ e 3.000€ anuais
- Máis de 900 beneficiarios anuais do **Bono Coidado** coa previsión de seguir incrementando a cifra


Persoas con discapacidade (165 M€)

- 5.800 prazas en centros para persoas con discapacidade
- 3.000 nenos e nenas beneficiarios das Unidades de Atención Temperá
- 200 prazas de campamentos específicas para persoas con discapacidade

Cal é o custo dunha praza nunha escola infantil? **500€/mes**



Orzamento do Servizo de Axuda no Fogar



Persoas en risco de exclusión (149 M€)

- Máis de 66.000 persoas beneficiarias do **Bono Social Térmico**, para o pago da enerxía para a calefacción, auga quente e cociña
 - 355 € incluíndo o complemento autónomo
- Máis de 6.000 beneficiarios da RISGA cada mes
- 37.000 persoas beneficiarias do complemento autónomo das pensións non contributivas
- Máis de 3.000 persoas beneficiarias ao ano das axudas de inclusión social



Xuventude e voluntariado (20 M€)

- 10.800 prazas en campamentos de verán e campos de voluntariado, coa previsión de superar as 11.000
 - Custo para a Xunta: 500€ cada praza
- 2.400 beneficiarios do Plan de formación do Voluntariado
- 400.000 mozos e mozas con carné xove
- 1.700 axudas anuais para o carné de conducir para mozos de ata 30 anos

Desde 2023 todas as escolas infantís de 0 a 3 anos –públicas e privadas– **son gratuítas**

OS GASTOS

A protección do mar e o apoio ao sector pesqueiro

A Xunta de Galicia traballa na protección do mar, así como na protección e dinamización do sector pesqueiro.


En **2023** conta cun orzamento de **212 M€**, con medidas para apoiar a cadea mar-industria e garantir a remuda xeracional.

- **Axudas** para a comercialización, promoción e internacionalización dos produtos da cadea mar-industria
- **Axudas** para garantir o labor dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP).
- **9,9 M€** para formación, incluíndo o importante labor das catro escolas xestionadas pola Consellería do Mar, nas cales se forman anualmente unha **media de 470 alumnos**.

Os orzamentos de 2023 apostan polo coidado do medio para garantir o seu futuro:

- A través do **Servizo de Gardacostas**, cun orzamento de **27 M€**
- **8,6 M€** destinados a **rexeneración**, planificación e mellora das zonas de produción

A Xunta de Galicia tamén xestiona **122 portos** dedicados a actividades pesqueiras e deportivas, aos que dedica máis de **33.000 € ao día** para o seu mantemento e gastos correntes.



Sabías que...?

- Galicia é a comunidade autónoma con máis quilómetros de costa de España (**1.700 km**)
- Somos a **única comunidade** que conta cun servizo de salvamento propio
 - Desde a súa posta en 1990, Gardacostas de Galicia salvou as vidas de máis de **1.700 persoas**
 - Cada hora de voo dun helicóptero de salvamento marítimo custa **2.200 euros**
- O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (**INTECMAR**) realiza **cada día unha media de máis de 200 análises** para controlar a calidade dos produtos do mar e a seguridade alimentaria



O investimento en economía, industria e innovación

A Xunta de Galicia promove a transformación enerxética e dixital do modelo produtivo galego, impulsando proxectos innovadores e sustentables e contribuíndo á creación de emprego de calidade, poñendo o foco nas familias, as pequenas e medianas empresas e os autónomos, a industria e o comercio de proximidade.

Galicia conta con **máis**
de 9.000 empresas
exportadoras

OS GASTOS

Familias

- **20.000 fogares** beneficiarios en 2022 das axudas para renovar os seus vehículos e electrodomésticos ou investir en enerxías renovables
- **No ano 2021 máis de 18.000 reclamacións** tramitadas polo Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC)
 - O IGCC conta con oficinas nas sete principais cidades galegas e **atención telefónica** e en liña

Pemes e autónomos

- **40M€ para o fomento de pemes e microempresas innovadoras** e para que o talento tecnolóxico xere novos proxectos empresariais
- 140M€ para prestar apoio financeiro ás empresas galegas
- **2.700 servizos de asesoramento** do programa ReAcciona para mellorar a competitividade das pemes ante os novos retos do mercado

Industria

- Impulso de novos sectores emerxentes a través do Polo Aeroespacial, a Cidade das TIC, Sionlla Biotech ou o Polo Cuántico de Galicia
- 55 Unidades Mixtas de Investigación, coa participación de 39 empresas -a maioría grandes compañías que apostan por innovar en Galicia- e 14 centros de coñecemento
- 7,6 M€ para apoiar aos centros tecnolóxicos galegos, aliados estratéxicos dos principais sectores económicos de Galicia

Número de atención
gratuíto do IGCC:



900 23 11 23



- Preto de 30M€ para financiar investimentos para a descarbonización e a eficiencia enerxética nos sectores industriais; para incentivar o uso do hidróxeno, o biogás e os biocombustibles; e para impulsar o almacenamento de enerxía e a eólica mariña
- Máis de 40 proxectos de mellora de infraestruturas dos polígonos empresariais e apoio á creación de 7 novos viveiros industriais para favorecer actividades de carácter industrial, o nacemento de novas empresas e axudar aos empresarios nas súas primeiras etapas.

Comercios e artesáns

- **Axudas de ata 17.600 euros a 580 pequenos comercios e obradoiros artesanais** para a súa dixitalización e de ata 5.600 euros para a modernización de equipamentos
- **Bono Activa Comercio:** máis de 166.000 clientes do comercio de proximidade dispoñen dun bono desconto de 30 euros para as compras nos establecementos adheridos



OS GASTOS

Xustiza, cooperación local, emerxencias e deportes

A Xunta de Galicia exerce as competencias autonómicas en materia de xustiza, administración local, relacións co Parlamento de Galicia, emerxencias, relacións exteriores e coa Unión Europea ou Deportes.

Xustiza

O orzamento destinado á xestión e modernización do sistema xudicial en Galicia ascende a **174 M€** en 2023

- En Galicia hai 301 órganos xudiciais
- A Xunta financia a construción, o equipamento, o mantemento e os gastos de funcionamento dos órganos xudiciais
 - Custo medio para a construción e posta en funcionamento de cada órgano xudicial: máis de **943.000 euros**
 - Os gastos de funcionamento de cada órgano xudicial (incluído o persoal) ascenden a **277.000 euros anuais**
- A Xunta tamén financia o servizo de asistencia xurídica gratuíta (case 14 M€ en 2023)
 - No ano 2021 prestáronse case 54.000 servizos de asistencia xurídica gratuíta

2768 empregados
na administración
de xustiza

O Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA) ten a misión de prestar asistencia técnica aos tribunais, fiscalías e xulgados en materia de medicina forense. No ano 2021 o IMELGA:

- Emitiu **23.999 informes de valoración** (física, psicofísica, psiquiátrica, por violencia de xénero...)
- Realizou **1.979 autopsias**

Deportes

O orzamento dedicado en 2023 á promoción do deporte ascenderá a **44 M€** que se dedicarán a:

- Novas instalacións e melloras das xa existentes: **18 M€**
- Apoiar ás federacións e aos clubs deportivos
 - 59 federacións e 1.250 clubs deportivos, percibindo as axudas á súa actividade deportiva por valor de 6,8 millóns de euros
- Patrocinar aos 239 equipos galegos de alta competición



OS GASTOS

- Apoiar aos deportistas galegos de alto nivel (DGAN):
 - Posta en marcha da Oficina de Atención ao Deportista: asesoramento a DGAN mentres dure a súa carreira e no momento en que deixen de ser profesionais
- Fomento da actividade física en idade escolar a través do Programa Xogade, con 177.000 **rapaces e rapazas de toda Galicia**
 - **Seguro gratuíto de accidentes para os nenos e nenas entre 6 e 16 anos**

Emerxencias

O orzamento dedicado en 2023 para a xestión de emerxencias e para seguridade pública ascenderá a **29 M€** que se dedicarán a:

- Servizo gratuíto de atención á cidadanía a través do **teléfono 112**
 - Máis de 2.300 chamadas diarias, que dan lugar á xestión de máis de 230 incidencias diarias
- Formación na Academia Galega de Seguridade Pública
 - Por exemplo, ten formados ata agora 2.924 novos policía locais
- Apoio aos Grupos de Emerxencias Supra-municipais, ás Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil e aos parques de bombeiros comarcais
 - 10 M€ para financiar aos consorcios provinciais de extinción de incendios e salvamento



O 112 responde ás
chamadas en menos
de **7 segundos**



Cooperación local

A Xunta de Galicia realizará en 2023 unhas achegas ás administracións locais por importe de 564 M€ (un 41% máis que en 2020). Estas achegas divídense en:

- Fondo de Cooperación Local, de acordo co establecido na Lei de Administración Local de Galicia por importe de 149 M€
- Achegas mediante convocatorias e convenios das distintas Consellerías, por importe de 415 M€. Por exemplo, para a mellora das instalacións destinadas a prestar servizos municipais, para actuacións medioambientais e de eficiencia enerxética, para axudar ás asociacións de veciños, de mulleres rurais ou de usuarios de auga...

O **98% dos concellos**
están no plan de loita
contra a velutina

55.783 niños
retirados desde 2020

Infraestruturas e mobilidade

A Xunta de Galicia traballa para a construción, a mellora e o mantemento das infraestruturas viarias de titularidade autonómica; a planificación, ordenación e inspección do transporte; así como a ordenación dos aproveitamentos e das obras hidráulicas, a loita contra a seca ou a xestión do saneamento e abastecemento da auga.

Infraestruturas

As grandes infraestruturas de Galicia son executadas pola **Axencia Galga de Infraestruturas (AXI)**.

- **Mantemento de 5.515 km de estradas de titularidade autonómica** (máis de 50 M€)
 - 4.988 Km de estradas e 527 Km de vías de alta capacidade



OS GASTOS

- Bonificación das peaxes das dúas únicas autoestradas autonómicas, A Coruña-Carballo (AG-55) e Vigo-Baiona (AG-57):
 - **4,8 M€: esta bonificación permite manter conxeladas as tarifas** desas autoestradas e evitar a suba do 7,3% polo IPC.
- **150 M€** para a execución das obras de ampliación e mellora dos **grandes complexos hospitalarios** e a construción de **novos centros de saúde**
 - Novo CHUAC, ampliación do CHUS, reforma do Hospital Arquitecto Marcide, ampliación do Hospital Montecelo, ou novo edificio no Hospital de Ourense
 - Centros Integrais de Saúde de Ourense, Lugo, Lalín e o Olimpia-Valencia de Vigo
 - Novos centros de saúde en Abegondo, Boborás, Muíños, no barrio lucense da Milagrosa, en Vilagarcía de Arousa o en A Rúa



Mobilidade

A Xunta de Galicia xestiona **3.523 liñas de autobús interurbano, con 54.921 paradas.**

O Plan de Transporte Público da Xunta de Galicia financia o 76% do custo do servizo aos cidadáns en xeral

- O custo medio dun viaxe é de 3,93 €, pero o cidadán só paga un 24% do custo: **1,13 €**
- Os autobuses interurbanos recorren máis de 57 millóns de km ao ano

Tamén financia a **gratuidade para os menores de 21 anos:**

- 130.000 menores de 21 anos dispoñen da tarxeta Xente Nova e viaxan gratis no autobús interurbano

Outras actuacións en materia de mobilidade:

- Plan de Sendas de Galicia con 200 km de itinerarios
- Aparcamentos disuasorios para 1.500 prazas
- **Estacións Intermodais: en funcionamento Santiago, Ourense, Vigo,** a piques de rematar Pontevedra, en obras A Coruña e en proxecto Lugo e Ferrol.

Augas

A través da entidade Augas de Galicia, a Xunta realiza actuacións para:

- Reforzar e mellorar os sistemas de **saneamento:**
 - A Xunta xestiona 28 depuradoras municipais.
 - O custo destas 28 depuradoras é de 27,6 M€ ao ano
- Garantir o **abastecemento** de auga á poboación, mediante:
 - Reparación e mellora dos sistemas de abastecemento
 - Axudas a concellos para reparar fugas e para realizar auditorías das redes de saneamento e abastecemento
 - Axudas a comunidades de usuarios para dotarse de mellores infraestruturas de abastecemento
 - Incremento das reservas de auga

En total dedicarase a infraestruturas en 2023 un importe de: **355 M€**



OS GASTOS

- Na bacía Galicia-Costa:
 - Reducir o risco de inundacións con actuacións directas sobre zonas asolagables e mantendo un sistema de previsión de inundación con avisos en coordinación con protección civil
 - Controlar as verteduras aos ríos con **8.700 inspeccións anuais**



Medio rural

A Xunta de Galicia fomenta a gandería, a agricultura e o desenvolvemento rural, encárgase da prevención e extinción dos incendios forestais, e impulsa o desenvolvemento da industrial forestal. Para o exercicio destas competencias:

- Convoca axudas para plans de mellora, incorporación de persoas mozas ao agro e para a creación e o desenvolvemento de pequenas explotacións
- Convoca axudas para a transformación e comercialización de produtos agrarios
- Xestiona cun mando único ata 7.000 efectivos durante a época de alto risco de lumes, con arredor de 380 motobombas e unha trintena de medios aéreos
 - A mobilización dun medio aéreo ten un custo de 6.000 €/hora
 - No ano 2022 extinguíronse 1.609 incendios
 - O custo medio de extinción dun Gran Incendio Forestal (maior a 500 hectáreas) é de 900.000 euros

O **sector leiteiro galego** produce o 40% do leite producido en España



- Desenvolve accións para a recuperación da terra agraria de Galicia, mediante as concentracións parcelarias e a creación de polígonos agro-forestais e aldeas modelo; o que favorece a implantación da actividade agro-gandeira, mellora as condicións das explotacións agrarias, fixa poboación no rural e se loita contra o abandono
 - Desde o ano 2020 e ata 2022 a Xunta rematou 24 concentracións parcelarias, que abarcaron unhas 17.400 hectáreas
 - Temos aprobados 21 polígonos agro-forestais, que abarcan unhas 9.000 hectáreas
- Executa un plan de mellora dos camiños municipais
 - A apertura dun novo camiño ten un custo medio de 64.000 €/km
 - O acondicionamento dun camiño ten un custo medio de 20.000 €/km
- Promociona os produtos galegos en feiras ou con campañas de promoción, á vez que impulsa os mercados dixitais
 - En Galicia contamos con 36 denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas.
- Executa un sistema público de xestión da biomasa nas franxas situadas nun radio de 50 metros arredor das vivendas para a protección das aldeas fronte aos incendios forestais
 - 276 concellos adheridos

O sector cárnico galego facturou

1.390 M€ en 2021



OS GASTOS

Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

A Xunta de Galicia traballa para a **protección do patrimonio natural** e da biodiversidade, **avaliación do impacto medioambiental** da actividade humana, a loita contra o cambio climático, a **ordenación do territorio**, o acceso á vivenda dos colectivos con máis dificultades e o impulso do **asentamento en Galicia de empresas**.


Urbanismo Responsable

En 2023, destinaranse:

- **3,2M€ en axudas para que os concellos redacten os seus plans de ordenación**
 - Máis dun millón de galegos **viven nos 114 concellos con plans de ordenación adaptados á lei**
- **8,6M€ para obras de humanización en vilas galegas**
 - Desde 2010 tense destinado 162M€ ao financiamento de máis de 380 intervencións urbanísticas.

E continuamos apostando polo 'fermosismo'

- Desde 2021, investimos 5,6M€ en axudas para que os concellos humanicen as vilas galegas e corrixan os impactos paisaxísticos. Uns incentivos que xa chegaron a preto de 1.470 particulares e a 110 concellos



Construíndo Fogar

A Xunta promove, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), a construción de vivenda pública, tanto para o acceso á vivenda en propiedade como en réxime de aluguer.

- Entre 2015 e 2021 **facilitamos o acceso ao seu fogar a 70.000 familias galegas** (mediante achegas para compra ou aluguer)
- Actualmente o **parque de vivendas públicas en aluguer en Galicia ascende a 3.700**
- Cubrimos o 100% da renda do alugueiro durante cinco anos ás 800 familias que son beneficiarias do bono alugueiro social.
- En 2023 destinaranse **31,65M€ para axudar aos colectivos con máis dificultades para acceder a un fogar**, con especial atención á mocidade.
- E destinaranse máis de **41M€** para subvencionar obras de mellora da eficiencia enerxética **en máis de 9.300 vivendas**.



Asentando Futuro

A Xunta tamén promove, a través da sociedade Xestur S.A., a urbanización de solo residencial e industrial:

- Actualmente **existen 65 parques empresariais** promovidos pola Xunta en toda Galicia.
- Nos últimos anos, mobilizamos **solo industrial cunha superficie que equivale á suma das cidades de Coruña e Santiago** (5,6 millóns de metros cadrados).



OS GASTOS

- A Xunta dedicará en 2023 **máis de 35 M€ para continuar fomentando a instalación de empresas en Galicia**. E continuará coas bonificacións no prezo do solo que se veñen **aplicando desde 2015 e que suman xa 73,5M€**.

Galicia Verde

O 42% do territorio galego está amparado xa baixo algún tipo de figura de protección.

- En 2023 destinaranse 11,2M€ a actuacións de conservación dos espazos protexidos e dos hábitats.

Cada día trátanse no complexo medioambiental de Sogama **máis de 2,2 millóns de quilos de residuos urbanos do 94% dos concellos** de Galicia.

Unha cantidade que pode chegar a 3 millóns en época estival.

As emisións de gases de efecto invernadoiro xa **se teñen reducido en Galicia un 35,9% con respecto a 1990**.

Turismo

A través da Axencia de Turismo de Galicia, a Xunta de Galicia financia, planifica, ordena, inspecciona e fomenta a competitividade do turismo dentro da comunidade autónoma, desenvolvendo liñas de actuación equilibradas e sustentables.

Sogama trata

355 kg de residuos

por habitante e ano



Camiño de Santiago

- Cada ano, a Xunta dedica **máis de 6 M€** para a **Conservación, mantemento e sinalización dos oito Camiños de Santiago**: francés, de inverno, vía da prata, portugués, Fisterra-Muxía. Inglés, do norte e primitivo
 - Estes oito camiños suman en Galicia **máis de 1.300 km**
 - O custo medio de conservación, mantemento e sinalización é de **máis de 4.500 euros por quilómetro cada ano**

Rede Pública de Albergues

- A rede de albergues da Xunta de Galicia conta con 3.617 prazas
 - Adicionalmente, a Xunta dispón dun gran albergue no Monte do Gozo, con 400 prazas
- O **Investimento** realizado nos últimos anos na rede de albergues **ascende a máis de 10 M€**
- O custo para a Xunta do **mantemento anual da rede de albergues** (descontada a achega dos usuarios) é de **2,5 M€**
 - O custo para os peregrinos é de 8 euros/noite

No ano 2022 (ata o 7 de novembro),

máis de 427.000

peregrinos obtiveron a Compostela



OS GASTOS

Emigración e retorno

A Xunta de Galicia atende as necesidades dos galegos e das entidades galegas nos diferentes países do mundo e traballa para favorecer o retorno e a integración dos galegos retornados.

Retorno

Aínda que as políticas de retorno implican a todas as Consellerías, a Secretaría Xeral da Emigración desenvolve as seguintes actuacións:

- **Oficina integral de asesoramento e seguimento do retorno:** con sedes nas 4 provincias galegas
 - Atendeu máis de 40.000 consultas desde a súa creación en 2020
- **Axudas ao autoemprego:** para a posta en marcha de iniciativas empresariais por retornados emprendedores
 - Posta en marcha de máis de 600 proxectos
- **Bolsas de Excelencia Mocidade Exterior (BEME):** axudas aos mozos galegos residentes no exterior para realiza un máster nunha universidade galega
 - 1.200 mozos axudados con esta liña desde o curso 2017-2018
- **Axudas extraordinarias ao retorno:** para axudar ás familias retornadas no momento da súa chegada
 - 3.000 familias axudadas con esta liña desde o ano 2018

Coa Estratexia

Retorna, regresaron a

Galicia máis de **28.000**

persoas integrando

unha familia galega



Emigración

- **Axudas individuais aos galegos que residen no exterior:** para os galegos do exterior que atravesan situacións difíciles nos países nos que residen
- **Axudas ás entidades galegas do exterior:** para que sigan proxectando a cultura e a imaxe de Galicia
 - Moitas destas entidades teñen carácter socio-asistencial e desenvolven unha labor esencial cos maiores que máis o necesitan

Facenda e Administración Pública

A Xunta de Galicia exerce as competencias autonómicas relativas á orzamentación e ao control do gasto público, así como aos fondos europeos; encárgase da xestión dos tributos, do endebedamento e da tesourería da Xunta; e dirixe as políticas de función pública, simplificación administrativa e de tecnoloxías da información.

Política de Cohesión e Fondos Europeos

Planificación, coordinación, xestión, seguimento e comunicación dos fondos europeos xestionados polo sector público autonómico.

- **Fondos FEDER, FSE e Iniciativa Xuvenil período 2014-2020: 1.300 M€**
 - Actualmente, estes fondos están executados nun 91%



OS GASTOS

- O seu período de execución remata o 31/12/2023
- Coas actuacións en marcha e as que figuran no orzamento 2023, executaranse todos estes fondos en prazo
- **Programas do novo marco 2021-2027**, a executar ata finais de 2029. A Xunta de Galicia xestionará 1.500 M€:
 - Programa FEDER Galicia 2021-2027: 940 M€
 - Programa FSE+ Galicia 2021-2027: 449 M€
 - Programa do Fondo de Transición Xusta: 111 M€

Adicionalmente, a UE aprobou os **fondos extraordinarios Next Generation UE**, para axudar a superar as consecuencias da pandemia, transformar a economía e acadar unha Europa máis ecolóxica, máis dixital e máis resiliente. Os seus principais instrumentos son:

- A Axuda á Recuperación para a Cohesión e os Territorios de Europa (REACT-UE): 441 M€
- O Mecanismo de Recuperación e Resilencia: a Xunta ten asignados ata esta data 1.273 M€

Política Financeira e Tesouro

Débeda

Galicia presenta un dos niveis de débeda máis baixos das comunidades autónomas.



Polo xeral, o nivel de endebedamento mídese en función da riqueza producida (PIB). Neste sentido, Galicia presenta un nivel de débeda do 18,4%, en tanto que a media das comunidades autónomas é do 25,9%.

As operacións de endebedamento materialízanse a través de préstamos e créditos con entidades financeiras, públicas ou privadas, ou mediante a emisión de bonos.

Estas operacións poden formalizarse a tipo de xuro fixo ou variable, dependendo das circunstancias dos mercados financeiros en cada momento.


A estrutura da débeda da Xunta de Galicia é a seguinte:

O tipo de xuro medio pagado pola Xunta de Galicia nas súas operacións de endebedamento é do **0,84%** (2022).

Tesourería

A Xunta de Galicia é unha das administracións que realiza os seus pagos con maior axilidade: **o período medio de pago é de 13,1 días, fronte a unha media estatal de 28,5 días (setembro de 2022).**

- Pagos realizados en 2021 (último exercicio cerrado): **639.817 pagos**, por un importe total de **11.727 M€**



Préstamos e Créditos	1.074.622
Bonos	3.366.909

OS GASTOS

Función Pública

Nos últimos cinco anos téñense xestionados **181 procesos selectivos** para o ingreso na función pública e para a promoción interna:

- **164 procesos de novo ingreso**, para o acceso á función pública de **2.133 novos empregados públicos**
- **17 procesos de promoción interna**, para a promoción profesional de **1.170 empregados públicos**

Actualmente, estanse xestionando **172 procesos para a redución da temporalidade** no emprego público:

- Para que 4.228 empregados públicos cunha relación temporal pasen a ter a condición de funcionarios de carreira ou de persoal laboral fixo

E a finais deste ano 2022 van convocarse os **procesos para a estabilización de outras 10.338 prazas**:


- 8.703 por concurso de méritos
- 1.635 por concurso-oposición

Escola Galega de Administración Pública (EGAP)

Anualmente a EGAP publica un **Plan de Formación** con materias das diferentes áreas de traballo: xurídica, financeira, Unión Europea, organización, administración electrónica, lingua galega, etc. Tamén imparte cursos de idiomas, ofimática e igualdade, prevención contra a violencia de xénero...

A taxa de temporalidade de Galicia é do **28,7%** fronte ao **40,8%** do Estado

O obxectivo é ter a finais de 2024 unha **taxa de temporalidade inferior ao 8%**



- Durante o ano 2022 formou a máis de 53.000 empregados públicos

A EGAP incrementou progresivamente o número de prazas ofertadas en **modalidades a distancia** coa finalidade de facilitar a conciliación da vida persoal e laboral, sendo actualmente case un 80% os cursos en liña.


Mediante a iniciativa **Egap-Innova** proporcionase formación práctica tanto ao persoal empregado público como á **cidanía** en materia de **Administración Electrónica**. Para conectarse aos **e-martes** pode informarse aquí: egap.xunta.gal/xornada.

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Todas as actuacións do sector público autómico que implican un movemento financeiro son obxecto de control pola Intervención Xeral, entre as súas funcións podemos destacar:

- Control Previo: mediante a fiscalización dos expedientes de gasto:
 - 404.337 informes de fiscalización en 2021
- Control posterior: mediante auditorías:
 - 204 auditorías en 2021

Modalidades de formación



OS GASTOS

Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)

No ano 2021 a **Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)** atendeu a 281.490 contribuíntes:

- 154.907 de maneira presencial nos 47 puntos de información que a Axencia ten distribuídos por toda Galicia
- 126.583 por vía telefónica: o número de atención ao contribuínte é o **881 955 800**

A Atriga permite aboar en liña (cunha tarxeta de crédito ou débito) todos os ingresos xestionados por este organismo, para evitar os desprazamentos ás oficinas bancarias

Transparencia e información pública

Visitas ao portal de transparencia	Total (2016-2021)
Visitas	1.074.622
Páxinas vistas	3.366.909


Solicitudes de información pública	Total 2021 (no 85,6% concédese o acceso)
Acceso electrónico	1.269
Acceso en papel	120
Total	1.389




Os maiores de 65 anos poden acceder á Atriga a través do canal preferente:

900 333 666

Visitas



Páxinas vistas



OS GASTOS

Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia

É a axencia pública autonómica que se encarga da definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia nos eidos das tecnoloxías da información e da comunicación, da innovación e do desenvolvemento tecnolóxico.

Principais liñas de actuación

Despregamento de redes de telecomunicacións

- O 99,96% da poboación ten acceso a internet de banda larga
- O 99,94% do territorio ten acceso a tecnoloxía 4G
- Galicia acolle 30 casos de uso de 5G

Extensión do uso das tecnoloxías entre a cidadanía:

- Máis do 90% dos fogares conta con acceso a internet

Capacitación dixital da cidadanía e redución das fendas:

- Rede CeMit de aulas para a capacitación dixital da cidadanía
 - Dende a súa creación, as aulas Cemit levan impartidas máis de 456 mil horas de formación a máis de 100.000 persoas

Sede dixital

- O 96,6% dos procedementos se inician na sede electrónica da Xunta
- Máis de 1,4 millóns de persoas de Galicia dispoñen da Chave 365



Educación dixital

- Todas as aulas de entre 5º de Primaria e 2ª de Bacharelato son dixitais.
- Libro dixital **e-Dixgal**: 548 centros educativos de Galicia, con 55.000 alumnos e 9.400 docentes

Sectores primarios

- 35 lonxas e confrarías de Galicia con sistemas de comercialización e xestión dixital
- A Plataforma “Galicia, Experiencias de Calidade” promociona e vende produtos con Denominación de Orixe de máis de 30 produtores galegos a través do portal *marketplace*

Novidades 2023

- Dixitalización do 100% das aulas, dende 1º de Primaria: 14.026 aulas
- Dixitalización do 100% das salas de vistas xudiciais
- Iniciarase a construción do Centro Galego de Excelencia en Ciberseguridade en Ourense



OS GASTOS


Gasto por habitante

O gasto por cada habitante da Comunidade Autónoma de Galicia é de 4.674 euros.


Pero este gasto non é igual en todos os territorios

- O gasto por habitante está condicionado polas circunstancias poboacionais de cada territorio


Nas provincias de Lugo e Ourense existe maior dispersión poboacional e máis envellecemento, polo que as necesidades de gasto por habitante son maiores.




Gasto sanitario por habitante



Gasto en educación por habitante



Gasto en políticas sociais por habitante




05

Os ingresos

84

OS INGRESOS

Como se financian os gastos?

Evolución dos ingresos
2019-2023 (sen endebedamento)

Tipos de ingresos

Os ingresos necesarios para financiar as distintas partidas de gastos da Xunta de Galicia proceden de diferentes fontes. Para 2023 a previsión de ingresos é a seguinte:

1. Ingresos procedentes do sistema de financiamento autonómico (SFA): **9.401,6 M€**
2. Fondos finalistas do Estado e da UE: **2.120,3 M€**
3. Ingresos tributarios e outros: **976,9 M€**
4. Operacións financeiras: **120 M€**


OS INGRESOS

Como funciona o Sistema de Financiación Autonómica (SFA)?

Os ingresos do SFA correspóndense principalmente cunha **parte dos impostos cedidos** á Comunidade Autónoma (unha porcentaxe do IRPF, IVE e impostos especiais que pagan os galegos). O Estado fai unha xestión de cobro, e despois entrega os cartos recadados á Comunidade Autónoma.

Ademais, no SFA tamén se inclúen os fondos de nivelación, que teñen como finalidade garantir o mesmo financiamento por habitante axustado equivalente, independentemente da recaudación tributaria (véxase o apartado de Outra información).

Nos últimos 5 anos, os ingresos do SFA aumentaron un 6,5% de media, ata acadar en 2023 unha cifra de 9.401,6 M€.



Como se calcula o seu importe?

O sistema de financiación autonómica ten dous compoñentes principais:


- **Pagos a conta:** son o 98% de estimación que fai o Ministerio de Facenda da recaudación para 2023 dos impostos cedidos e dos fondos de nivelación
- **A liquidación definitiva de dous anos antes (2021):** é a contía resultante de comparar os pagos a conta do ano 2021 coa recadación efectiva dos importes que corresponden á comunidade autónoma, por tanto pode ser positiva ou negativa

Así, no ano 2023 a Comunidade Autónoma de Galicia recibirá as entregas a conta calculadas polo Estado (8.788,1 M€), e a liquidación positiva do ano 2021 (613,5 M€).



Que ingresos recibimos do Estado e da Unión Europea?

Chámanse ingresos finalistas aquelas achegas do Estado e da Unión Europea condicionadas á realización de determinado tipo de actuacións, por exemplo: programas de dependencia e emprego, gastos estruturais do FEDER, fomento da agricultura...



Os ingresos finalistas pasan de estar igualados a duplicarse o peso dos fondos recibidos da Unión Europea polas novas iniciativas impulsadas tras a Covid (MRR, REACT, FTX).

Ingresos finalistas do Estado

Cada ano o Estado determina nos seus orzamentos as actuacións que financia de xeito finalista fóra do Sistema de Financiación Autonómico.

- Unhas transferencias que teñen como destino financiar sectores, servizos, actividades ou materias respecto das cales as Comunidades Autónomas teñen a competencia asumida, polo que corresponde a estas a súa administración e xestión. Destacan as correspondentes a "Fomento da inserción e estabilidade laboral", "Formación Profesional para o emprego", así como as destinadas á "Autonomía Persoal e Atención á Dependencia"
- Outras transferencias do Estado: son aquelas que proceden de convenios a través dos cales as Administracións Públicas cooperan ou colaboran entre elas para conseguir algún dos seus obxectivos. Destacan as que se refiren ó "Fomento e coordinación da investigación científica e técnica" así como en materia de "Formación do Persoal da Administración"

O seu importe total no Orzamento para 2023 é de 736,9 M€.




OS INGRESOS

Ingresos finalistas da Unión Europea

Unha das magnitudes que máis importancia ten nos ingresos son as achegas finalistas da Unión Europea, que inclúen os fondos FEDER, FSE, FTX, REACT, MRR...

Gran parte do desenvolvemento que experimentou Galicia nos últimos 40 anos vai ligado aos fondos europeos que recibiu a Comunidade Autónoma. Desde 1986 ata 2027 Galicia percibirá en global na contorna de 30.000 M€ de axudas comunitarias, preto do 50% destes fondos son xestionados pola Xunta.

Os fondos europeos que se recollen no orzamento da Comunidade Autónoma para 2023 son 1.384 millóns de euros.



Cales son os fondos europeos que recibe Galicia?

- **Fondos estruturais (FEDER, FSE ou FTX):** enfocados a reforzar a cohesión económica, social e territorial e a corrixir os desequilibrios entre países e rexións
 - Fondo de transición xusta (FTX): enfocado a prestar apoio á poboación, a economía e o medio ambiente dos territorios máis afectados pola transición cara á neutralidade climática
- **Fondos de investimento (FEADER e FEMPA):** enfocados a mellorar a agricultura e o medio rural, á conservación dos recursos mariños, a acuicultura, a pesca...
- **Fondo REACT:** enfocado a reparar de maneira inmediata os danos sociais e económicos causados pola pandemia de COVID-19 e a preparar unha recuperación ecolóxica, dixital e resiliente
- **Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR):** enfocado a apoiar os investimentos e as reformas para lograr una recuperación sustentable e resiliente, á vez que se promoven as prioridades ecolóxicas e dixitais da UE




OS INGRESOS

Programación dos fondos europeos estruturais e de investimento 2021-2027

Estes fondos son o FEDER, o FSE, o FTX, o FEADER e o FEMPA e mobilízanse mediante programas que duran sete anos.


No ano 2023 váise finalizar a execución dos fondos do programa 2014-2020 e iniciárase a execución dos fondos do programa 2021-2027. Os fondos do programa 2021-2027 poden executarse ata o 31/12/2029.



Fondos Next Generation

A raíz da pandemia da COVID-19, a Unión Europea estableceu novos mecanismos de financiamento para reparar os danos económicos e sociais inmediatos causados pola pandemia. O obxectivo é acadar unha Europa posterior á COVID-19 máis ecolóxica, máis dixital, máis resiliente e mellor adaptada aos retos actuais e futuros.

Estes fondos, dentro da Estratexia Next Generation, son o Mecanismo de Recuperación e Resilencia e o fondo REACT, que poden executarse entre 2023 e 2024.



OS INGRESOS

Exemplos de actividades a financiar con ingresos europeos en 2023

FEDER:

- Proxectos de depuración de augas residuais
- Construción de novas plantas de biorresiduos
- Plan atención primaria

FSE:

- Apoio á promoción do emprego autónomo
- Incentivos á contratación de persoas mozas

FEADER:

- Prevención de danos causados por incendios, desastres naturais e catástrofes
- Modernización e diversificación das explotacións
- Axudas a inversións en transformación, comercialización e desenvolvemento de produtos agroalimentarios

FEMPA:

- Investimentos produtivos na acuicultura, diversificación e modernización das empresas acuícolas
- Mellora na comercialización e na cadea de subministración de produtos da pesca e da acuicultura
- Desenvolvemento sustentable de zonas pesqueiras

MRR:

- Autoconsumo eléctrico
- Transformación dixital da educación
- Mobilidade eléctrica
- Equipos sanitarios de alta tecnoloxía

Ingresos tributarios e outros

Neste apartado recóllense os tributos que non están incluídos no Sistema de Financiación Autonómica, así como os restantes ingresos tributarios e non tributarios:

Tributos cedidos e xestionados polo Estado pero non suxeitos a pagos a conta no SFA

- Imposto Especial sobre Determinados Medios de Transporte
- Imposto sobre Depósitos en Entidades de Crédito
- Imposto sobre a actividade de xogo


Tributos propios

- Impostos medioambientais
- Canon de inmoables en estado de abandono
- Outros tributos, como as taxas

Outros ingresos como os prezos ou dividendos

Tributos cedidos polo Estado xestionados pola comunidade autónoma:

- Imposto sobre Sucesións e Doazóns (ISD)
- Imposto sobre o Patrimonio (IP)
- Impostos sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP e AXD)
- Taxas fiscais sobre o xogo (TFX)
- Imposto sobre Depósito, Incineración e Coincineración de Residuos (IDIRES)



06

Máis información

96

MÁIS INFORMACIÓN

Que beneficios fiscais hai en Galicia?

Os beneficios fiscais son medidas de rebaixa fiscal que persiguen unha determinada finalidade:

- O apoio ás rendas medias e baixas e a determinados colectivos susceptibles de maior amparo (familias con fillos ou fillas, persoas con discapacidade, mocidade, familias numerosas, vítimas de violencia de xénero, etc)
- O apoio a determinados sectores estratéxicos da economía galega como o agrario ou os centros históricos, ou para facilitar o acceso á vivenda
- O incentivo da política industrial e da medioambiental, así como do asentamento no rural

Os beneficios fiscais previstos para 2023 son **592 M€** (o 91% teñen carácter social)

IRPF (Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas)

- Galicia é das CCAA con maiores **incentivos á natalidade** con deducións asociadas ao nacemento e ao coidado dos fillos menores
 - Máis de 33.000 persoas beneficiarias cada ano cun custo de 8,77 M€
- Galicia estableceu outras deducións de apoio ás familias, en especial ás familias numerosas
 - Máis de 21.700 persoas beneficiarias cada ano cun custo de 3,38 M€
- Galicia estableceu dedución polo **aluguer da vivenda habitual** de persoas **menores de 36 anos**
 - Máis de 12.700 persoas beneficiarias cada ano cun custo de 2,4 M€



MÁIS INFORMACIÓN

ISD (Imposto sobre Sucesións e Doazóns)

- Exentas de tributación as herdanzas que se reciben por vía directa (ascendentes, descendentes e cónxuxes) de ata 1 millón de euros por herdeiro, o que supón que **máis do 99,9% das herdanzas** en Galicia por vía directa están **exentas de tributación**
 - Máis de 675.000 persoas beneficiarias dende 2016
- Os mesmos beneficios aplícanse aos pactos sucesorios previstos no dereito civil de Galicia, coñecidos como “herdanzas en vida”.
- Galicia beneficia tamén as herdanzas entre irmáns (o 60 % de estas herdanzas non tributan)

ITP-AXD (Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentado)


- O **tipo xeral para bens inmobles** é do **9%** dende o ano 2022; non obstante existen outros tipos impositivos de xeito que só tributan o 9 % o 60 % das operacións
- Na **adquisición de vivenda habitual** redúcese ao **7%**, ao **6% ou ao 5%** nas zonas pouco poboadas (ZPP)
- Na **adquisición de vivenda habitual** redúcese ao 3% para determinados colectivos: familias numerosas, persoas menores de 36 anos, persoas con discapacidade ou vítimas de violencia de xénero

- **Impostos 0 no rural:** o tipo de gravamens é do 0 % para compravendas de solo rústico, transmisións de explotacións agrarias e fincas rústicas, adquisicións de inmobles en zonas pouco pobladadas e que se afecten a unha actividade económica
 - 136.000 persoas beneficiarias dende o ano 2016

Beneficios fiscais en taxas e prezos

- **Gratuidade universal nas escolas infantís (0 a 3 anos)**
- Prezos bonificados nas residencias de maiores, centros de atención a persoas dependentes, centros sociais, residencias de tempo libre e servizo de transporte adaptado
- Os prezos universitarios son os máis baixos de España
- Prezos bonificados en ensinanzas especiais (idiomas, música, danza, restauración, deporte), comedores escolares, formación agro forestal e marítimo pesqueira
- Taxas e outros prezos bonificados para colectivos prioritarios como familias numerosas, persoas con discapacidade, persoas desempregadas, etc

O total dos beneficios
fiscais en taxas e prezos
ascende a 271 M€



MÁIS INFORMACIÓN

Novidades tributarias 2023



Nova rebaixa no IRPF:

- Deflactación dos tres primeiros tramos do IRPF e dos mínimos persoais e familiares con carácter retroactivo a 1 de xaneiro de 2022
- Rebaixa por cuarta vez en nove anos da tarifa do IRPF, esta vez no tramo máis baixo, para rendas máis modestas, tamén desde o 1 de xaneiro de 2022
- **Equipárase a efectos fiscais as familias con dous fillos ás familias numerosas cunha dedución de 250 €**
 - Máis de 187.000 familias beneficiarias
- Duplicase a dedución para as familias de tres fillos ou fillas: dedución de 500€ (4 fillos de 750€, 5 fillos de 1.000€, etc)

Imposto sobre o patrimonio:


- Para o ano 2022 estableceuse unha bonificación do 25% da cota, e para o ano 2023 ampliárase ao 50%, co obxecto de adaptarnos ao noso entorno na Unión Europea

Os beneficios fiscais previstos para 2023 ascenden a **592M** de euros, dos que o 91% teñen carácter social.

Que significa que o sistema tributario é progresivo?

O sistema tributario no seu conxunto debe ser progresivo: quen máis ten debe achegar máis recursos para financiar os servizos públicos, por tanto, non é preciso que todas e cada unha das figuras tributarias sexan progresivas, senón o conxunto do sistema.

O imposto que da unha maior progresividade ao sistema tributario é o IRPF.



Neste gráfico pode observarse como o incremento das retribucións conduce tamén a aplicar un tipo de gravame máis alto.

MÁIS INFORMACIÓN

Por exemplo:

- Unha persoa menor de 65 anos sen fillos que teña uns rendementos do traballo de 25.000 euros ao ano tributa (na parte de tarifa autonómica) un 6,56%
- Esa mesma persoa, se tivese uns rendementos do traballo de 70.000 euros ao ano, tributaría (na parte de tarifa autonómica) un 13,35%

Que é a deflactación da tarifa do IRPF?

Ás veces cando medran os soldos menos que os prezos non existe unha maior capacidade de gasto, non obstante si temos unha maior tributación.

A deflactación é un instrumento para compensar o efecto da inflación no poder adquisitivo dos traballadores. Consiste no incremento dos importes máximos de cada tramo da tarifa autonómica do IRPF, o que permite que os incrementos dos salarios que teñan os traballadores non supoñan unha maior tributación e polo tanto unha perda de poder adquisitivo.

- Se un traballador ten un incremento do seu salario polo incremento do IPC, vai ter que tributar máis, pola suba do soldo, porén non ten un maior poder adquisitivo
- **Coa deflactación, redúcese o importe do imposto a pagar**, para que ese traballador non perda poder adquisitivo

En Galicia a deflactación prodúcese só nos primeiros tramos da tarifa, polo que –aínda que beneficia a todos os traballadores– beneficia en maior medida ás rendas medias e baixas.

Que é o novo imposto sobre depósito e incineración de residuos?

É un imposto creado polo Estado e aplicable en todo o territorio nacional.

- **Galicia solicitou ao Estado a xestión deste imposto a partir do 1 de xaneiro de 2023**

Grava o depósito e a incineración e co-incineración de residuos en vertedoiros e plantas de incineración co **obxectivo de incentivar a reutilización e o reciclado de residuos**.

- A cota do imposto calcúlase en función do peso dos residuos que se depositan nos vertedoiros e plantas de incineración

O imposto ten que pagalo a persoa pública ou privada que deposita os residuos.

Que é a “poboación axustada”?

A poboación axustada é a variable de reparto fundamental do Sistema de Financiación Autonómica, por canto constitúe a variable utilizada para a asignación dos recursos do fondo de garantía dos servizos públicos fundamentais.

- Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais, é o principal fondo do Sistema de Financiación Autonómico e trata de garantir a tódolos cidadáns que os servizos básicos do Estado de Benestar sexan prestados en igualdade de condicións independentemente do seu lugar de residencia



MÁIS INFORMACIÓN

Para o deseño axeitado deste mecanismo redistributivo, resulta esencial identificar as necesidades de gasto dos habitantes de cada Comunidade Autónoma. A poboación axustada responde a esta finalidade.

Como se calcula?

Para chegar á cifra de poboación axustada de cada Comunidade Autónoma o modelo actual parte da poboación real (padrón) como variable principal, e logo se modula –para converterse en “axustada”– a través dunha serie de factores demográficos e xeográficos que afectan ó custo de prestación dos servizos:

- Poboación protexida (sanidade)
- Poboación en idade escolar (educación)
- Poboación maior de 65 anos (servizos sociais)
- Superficie, dispersión e insularidade

Así, de acordo cos datos do ano 2020, último liquidado do sistema de financiación, Galicia representa o 6,09 % da poboación das comunidades autónomas de réxime xeral, pero a efectos do cálculo do Fondo de Garantía dos servizos Públicos Fundamentais, tense en conta a cifra de poboación axustada: o 6,56 %.



Existe aínda o céntimo sanitario?

Non, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea ditaminou que este gravame era contrario ao dereito comunitario. Ante esta situación, o Goberno procedeu á súa derogación con efectos dende 1 de xaneiro de 2013.

O que existe actualmente é un Imposto especial sobre Hidrocarburos que consta de dous tramos (un tramo estatal e un tramo autonómico) ambos tramos son recadados polo Estado, aínda que unha parte da recadación está cedida á Comunidade Autónoma. Esta parte é idéntica para todas as Comunidades Autónomas.



Que é o valor de referencia?

É un valor –determinado pola Dirección General del Catastro do Ministerio de Hacienda y Función Pública– como resultado da análise dos prezos de todas as compravendas de inmoables que se realizan ante fedatario público, e que nunca superará o valor de mercado.

- É un valor determinado obxectivamente para cada ben inmoable
- Correspóndese co prezo máis probable polo cal podería venderse ese inmoable libre de cargas entre partes independentes

Desde o 1 de xaneiro de 2022 o valor de referencia é a base imponible do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados e do Imposto sobre Sucesións e Doazóns para aqueles inmoables nos que estea determinado.

- Estes impostos pagaránse en función dese valor, polo que non serán obxecto de comprobación de valor



